

CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO

Organiza: Área de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela



15 de marzo de 2017

Piscina universitaria - Campus Vida

Santiago de Compostela

PARTICIPANTES



Servizo de Deportes
Universidade de Vigo



- Poderá participar calquera persoa pertencente á comunidade universitaria dalgunha das tres universidades galegas.
- A inscrición realizarase na Universidade de orixe de cada nadador/a.
- Cada Universidade poderá participar con **4 nadadores/as por proba e categoría.**
- Cada nadador/a poderá participar como **máximo en 2 probas individuais** e durante o transcurso da competición non se poderá mudar de proba .
- Cada Universidade poderá inscribir **2 equipos masculinos e 2 femininos** (só puntuará o primeiro)por cada proba de remudas, sempre que todos eles participen nalgunha proba individual.
- A intención de participación das remudas por parte das universidades realizarase no momento de tramitar a acreditación dos nadadores ante a comisión de control.
- A confirmación da inscrición nas probas de remudas, así como a súa composición definitiva, poderase realizar ata **30 minutos antes do inicio** da sesión.
- Cada proba deberá ter como mínimo tres persoas inscritas De non ser así, poderase eliminar do programa.

CATEGORÍAS

<i>Absoluta</i>	<i>Diversidade funcional</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Masculino • Feminino 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Masculino</i> • <i>Feminino</i>

INSCRICIÓN

O prazo de inscrición para a Universidade de Vigo remata o 2 de marzo de 2017 as 14 h.

As Universidades de A Coruña e Vigo enviarán un mail coa folla de inscrición (ver anexo) dos seus participantes a deporsec@usc.es

Os deportistas da Universidade de Vigo deberán inscribirse a través da aplicación **DEPORXEST:**

www.deporxest.uvigo.es no apartado Competicións – Campionatos Galegos.

ACREDITACIÓNS

As acreditacións faranse na mesma piscina o mesmo día da competición.

Cada nadador deberá presentarse con **DNI, pasaporte ou carné de conducir.**

REGULAMENTO TÉCNICO

1. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Todas as probas faranse en contrarreloxo.

A toma de tempos será manual.

A FEGAN establecerá as series segundo o número de inscritos.

2. PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

Para a clasificación final por universidades computarán os 2 primeiros por proba e categoría de cada universidade coa seguinte puntuación por orde de chegadas: 9, 6, 4, 3, 2, e 1 punto.

Nas probas de remudas puntuarán: 18, 12, 8, 6, 4, 2. No caso de igualdade de tempos daráselle a ambos a puntuación que corresponda ao mellor clasificado.

3. NORMAS XERAIS

O desenvolvemento do campionato farase de acordo con este regulamento.

Para todo o que non veña regulado nos apartados anteriores aplicaráselle a normativa da Federación Galega de Natación.

O feito de clasificarse primeiro non outorga dereito para a participación noutros campionatos. Cada Universidade redactará os seus propios criterios de selección para os ditos campionatos.

4. ARBITRAXE

Os xuíces serán designados pola FEGAN

5. COMITÉ DE COMPETICIÓN

Estará formado por un representante de cada universidade e o xuíz árbitro.

6. HORARIO

<i>10:00 a 11:00</i>	<i>Quecemento</i>
<i>11:15 a 12:40</i>	<i>Desenvolvemento das probas</i>
<i>Ao remate</i>	<i>Entrega de medallas e trofeos</i>

7. PREMIACIÓN

A entrega de premios farase na propia piscina unha vez rematada a competición.

Entregarase un trofeo por Universidade en función da súa clasificación final.

8. COMIDA

A Universidade de Santiago de Compostela convidará a cada participante cunha bolsa, con bocadillo, froita e auga unha vez rematada a Competición.

9. ORDE DAS PROBAS

1ª	<i>4*50 Libres masculinos</i>
2ª	<i>4*50 libres femininos</i>
3ª	<i>50 bolboreta masculino</i>
4ª	<i>50 bolboreta feminino</i>
5ª	<i>50 costas masculino</i>
6ª	<i>50 costas feminino</i>
7ª	<i>50 braza masculinos</i>
8ª	<i>50 braza feminino</i>
9ª	<i>50 libres masculino</i>
10ª	<i>50 libres feminino</i>
11ª	<i>200 libres masculinos</i>
12ª	<i>200 libres femininos</i>
13ª	<i>100 bolboreta masculino</i>
14ª	<i>100 bolboreta feminino</i>
15ª	<i>100 costas masculino</i>
16ª	<i>100 costas feminino</i>
17ª	<i>100 braza masculino</i>
18ªª	<i>100 braza feminino</i>
19ª	<i>100 libres masculino</i>
20ª	<i>100 libres feminino</i>
21ª	<i>100 estilos masculinos</i>
22ª	<i>100 estilos feminino</i>
23ª	<i>4*50 estilos masculino</i>
24	<i>4*50 estilos feminino</i>

INFORMACIÓN

Esther Pedrosa

Técnico de Actividades Deportivas da USC

Teléfono: 881 811 000 Ext. 15070

Móbil: 678 513 803 - 600 940 136

esther.pedrosa@usc.es

Piscina Universitaria

AVDA. DAS BURGAS S/N

CAMPUS VIDA

15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA

LOCALIZACIÓN

<https://goo.gl/maps/kUXnjWkz9NR2>

